







OBRADOIROS COEDUCATIVOS PARA ESTABLECER RELACIÓNS BASEADAS NA EQUIDADE EN SECUNDARIA

Esta actividade pretende potenciar as habilidades persoais e sociais no alumnado para o establecemento das súas relacións co obxectivo de que estean baseadas no respecto e no bo trato. Estes obradoiros coeducativos teñen como finalidade a prevención da violencia de xénero dende unha intervención constructiva marcada polo uso das competencias e o coñecemento dos recursos.

OBXECTIVOS

- Fomentar o exercicio e a defensa das relacións de equidade.
- Dotar de habilidades para a resolución de conflitos contrarias ao uso da violencia.
- Difundir os recursos existentes en materia de igualdade de oportunidades.
- Entrenarnos no recoñecemento e autoregulación das relacións de parella enfermas.
- Analizar e modificar os estereotipos que se consideran tipicamente masculinos e femininos e as repercusións que estos teñen sobre situacións de desigualdade.
- Dotar de habilidades para unha maior competencia social e cidadá.
- Promover un espírito crítico das responsabilidades de mozos e mozas no ámbito público e privado.
- Favorecer a maior autonomía e iniciativa persoal.

CONTIDOS

-  As relacións amorosas sanas: elementos que as sustentan.
-  As relacións enfermas: a dominación, a violencia psicolóxica e a física, os ciumes, o chantaxe emocional.
-  Conflito e maltrato.
-  Posibilidades de reacción: como saír dunha relación enferma.
-  A violencia de xénero: en qué consiste e qué a sustenta.
-  Apoios e recursos cos que contan as mulleres que padecen a violencia de xénero.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invierte no teu futuro"



Concello de Cangas
Concellería da Muller

DESTINATARIOS/AS

Alumnado de cuarto de secundaria

METODOLOXÍA

Dinámica, constructiva e participativa

ORGANIZA:

Concellería de Muller

COFINANCIA:

FONDO SOCIAL EUROPEO E A SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE DA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA